

Entre 1912 e 1925, Josefina Blanco e Ramón del Valle-Inclán viven na Galiza, máis concretamente en tres localidades da Ría de Arousa, sen deixar de ter casa aberta tamén en Madrid pois o escritor tiña lá os seus negocios editoriais e imprentaba as súas obras: «Aromas de leyenda», «El Embrujado», «La marquesa Rosalinda», «La cabeza del Bautista», «La lámpara maravillosa», «La media noche», «La pipa de kif», «Divinas palabras», «Farsa y licencia de la Reina Castiza», «El Pasajero», «Cara de Plata», «Luces de Bohemia» e «Los cuernos de Don Friolera».

En Cambados morrerá o seu primeiro fillo varón e na Póboa crecerán Concha, Carlos, Jaime, Mariquiña e Ana María.

Desde a Galiza, Valle viaxará á Franza para visitar os frentes de guerra; a México, invitado polo presidente Álvaro Obregón, con paradas na Havana e Nova York; a Bruxelas, como remata de documentar o profesor Antonio Espejo, e a Portugal.

Temos noticias de súa presenza en diferentes localidades galegas (Cambados, Pontevedra, Vigo, Vilagarcía, Vilanova e Vilaxoán de Arousa, Tui, A Coruña, Riveira, Cuntis, Corcubión e Mondariz), ás que viaxou por diferentes motivos, desde visitar a familiares e amigos, tramitar documentos para poder viaxar ao estranxeiro, realizar unha excursión, recuperarse tras ser intervido cirurxicamente, recoller un cargamento de papel ou unha cociña de ferro...

Ditará conferencias en Compostela, Madrid, Valladolid, Bilbao, Corcubión, Burgos e Palencia. Asinará manifestos e cartas de protesta, algo no que non acostumaba prodigarse anos antes.

Estas páxinas queren aportar algo de luz sobre este periodo, dar algunha pista sobre onde estivo e cando, os actos aos que acudiu, as amizades que cultivou, as viaxes que realizou..., e a mudanza ideolóxica que experimentou.

Como ten sinalado a profesora Amparo de Juan, o Valle de 1911 «afirmaba que los conflictos entre obreros y patrones se debían en ambos casos al alejamiento del sentir cristiano, y pedía al patrono «que practicara la caridad..., ahora, en 1921, pide a los colonos españoles y a los latifundistas mejicanos que en un acto de generosidad cristiana restituyan la libertad del indio y que acepten la indemnización del gobierno para que se devuelvan las tierras a los indígenas».

En 1924, cando reaparece en Madrid tras sair do sanatorio, os amigos decatáronse da mudanza de Valle, tal e como sinalou Castrovido en 1936, que el mesmo confirmaría en 1926 nunha conferencia pronunciada na localidade de Sama en setembro de 1926:

«Tengo que confesarme con vosotros. Yo estoy arrepentido de haber cultivado tanto tiempo la literatura por la literatura, el arte por el arte. Por eso ahora dedico mis esfuerzos a una literatura especial que llamo de los Esperpentos».

Pretendemos que vostedes dean un paseo pola vida de Ramón del Valle-Inclán durante estes anos, axudados polos estudos e biografías publicadas; polas memorias e lembranzas de persoas que o trataron; os diferentes repositorios dixitais de prensa galega, española, catalá, canaria, basca, mexicana..., que abren novas posibilidades para investigar, e os documentos que fican tanto no Arquivo Valle-Inclán Alsina, depositado na Universidade de Santiago de Compostela, como no Arquivo Valle-Inclán.

Terán ocasión de comprobar que Valle usaba unha puntuación nas cartas que pode chamarlles a atención. Nós reflictimola tal e como aparece, e procuramos transcreber os textos tal e como apareceron ante os nosos ollos. Rosario Mascato recolle en «Valle-Inclán lusófilo» unha entrevista que o autor de «El Embrujado» mantivo co escritor portugués José María Ferreira de Castro na que declara:

«Eu tenho uma pontuação individual, fóra de todas as regras, para que a minha prosa seja mais rítmica, mais musical».

1912

O 21 de marzo, *La Voz de la Verdad*, de Lugo, publicou un artigo de Severino Aznar, tirado de *El Correo Español*, que nos pon sobre a pista dun «poema escénico» que preparaba Ramón del Valle-Inclán, titulado «Un milagro de Jesús»¹.

Inspirado no Evanxeo, estaba dividido en tres partes: «Camino de Galilea», «Sobre el lago de Tiberiades» e «Las vendimias de Magdala». Aznar dinos que a primeira parte estaba rematada e aproveita para lembrar as palabras que tivo ocasión de lle escoitar a Valle un ano antes:

«No sé por qué los artistas cristianos no vamos con más frecuencia a beber nuestra inspiración en esa fuente inextinguible de la Biblia. Hace dos mil años que, sin darnos cuenta, estamos trasvasando su poesía, llena de misterio, a nuestras almas. ¿Por qué el artista escénico no podrá trasvasarla a sus poemas o a sus dramas? Ya sé que muchos han fracasado, pero creo que fracasaron porque no supieron conservar en sus obras la pátina de lo sagrado, la serenidad y la inalterabilidad de la voz de Jesús; buscaron el camino de las pasiones humanas de sus públicos, en vez de herir esa cosa divina que la fe deja en las almas; sacrificaron la emoción cristiana a la emoción dramática. Yo voy a hacer una tentativa»².

O 14 de maio de 1912, Valle tira na madrileña «Imprenta Alemana» un libro artístico no pleno sentido da palabra, unha demostración de gusto e sentido estético, titulado «Voces de Gesta. Tragedia pastoril», ornamentado por Julio Romero de Torres, Rafael de Penagos, José Moya del Pino, Ricardo Baroja,

1 Juan Bolufer, Amparo de: Entrevistas y declaraciones olvidadas de Ramón del Valle-Inclán (1911-1933) EN: *Anales de la Literatura Española Contemporánea*, Lincoln, Nebraska, vol. 36, núm. 3 de 2011, pp. 125/357-214/446. Severino Aznar era, xa en 1910, «un ilustre publicista católico, fundador de *La Paz Social*; fundador y director de la Biblioteca de estudios sociales Ciencia y Acción, y profesor de la Academia Universitaria Católica y del Seminario Conciliar», segundo Hernando de Larramendi. Alonso López, un xornalista do compostelán *Diario de Galicia*, publicou o 12 de abril un comentario sobre esta obra, titulado «Poema escénico. Un milagro de Jesús».

2 Pío Baroja lembra no seu libro «El escritor según él y según los críticos», tirada en 1944, p. 147, que «Valle-Inclán decía que tomar un episodio de la Biblia y darle un aire nuevo, para él era un ideal».

Ángel Vivanco, Aurelio Arteta e Anselmo Miguel Nieto, que se abre coa «Balada laudatoria que envía al autor el alto poeta Rubén». Estaba dedicado á actriz María Guerrero e fora rematado bastantes meses antes, pois en marzo do ano anterior ficaba nas mans da devandita actriz e de Fernando Díaz de Mendoza³.

O día 8, procedente de Barcelona, chega Rubén Darío a Madrid en compañía de Javier Bueno, quen publicará na revista *Mundial Magazine* unha crónica da que tiramos os parágrafos nos que fala de Valle:

«¿Piensa Ud. ir a casa de Valle-Inclán?, me preguntó Darío.

Desde luego; a mí me parece Don Ramón una de las más grandes figuras de la literatura castellana. Hoy pienso ir a su casa para hablar con él y hacerle un retrato allí mismo.

En efecto, una hora después subía las escaleras de la casa de Valle-Inclán. Llamé y vino a abrir una criada rubia, muy guapa. ¿Está Don Ramón?

No, señor; ha salido ahora mismo para el ensayo de su obra *Voces de Gesta*, en el Teatro de la Princesa.

Contrariado salí a la calle. Cuando al día siguiente me disponía repetir la visita, fui al cuarto de Darío y allí me encontré con Don Ramón el hidalgo, el señorial, marqués de Bradomín y príncipe de las letras.

Don Ramón hablaba en aquel momento de la célebre bailarina Tórtola Valencia, a quien ya conocen los lectores de *Mundial* por un artículo del eminente Pompeyo Gener. Con su rico lenguaje, con sus admirables condiciones de causeur, Don Ramón hizo el elogio de esa bailarina extraordinaria, que hoy triunfa con sus bellas danzas egipcias, israelitas e indias.

Es española; en ella hay una gota de sangre de la raza, esa gota que a veces se funde en un caudillo o en un gran pirata. Se crió en Londres, y en aquel ambiente se desarrolló sin perder nada de su pureza ni de su brío. Es una cosa extraordinaria, decía Don Ramón con gran entusiasmo⁴.

3 De teatros. Obras nuevas EN: *La Correspondencia de España*, Madrid, de 9 de marzo de 1911. O 4 de xaneiro *El Globo* anunciaba a entrega dunha obra en verso á compañía dos devanditos cómicos.

4 Oito anos depois, ao fío da actuación da bailarina no teatro Rosalía de Castro da Coruña, o xornal *El Orzán* publicaba o 8 de xaneiro de 1920 estas palabras de Valle: «Tórtola Valencia es una armonía sublime y el más grande poema viviente

Luego nos habló de su viaje a América, de su admiración por la Argentina, de la impresión que le causaron las bellezas de Río Janeiro y el Paraguay, de Chile, y con una gran fuerza trágica reconstituyó la terrible hecatombe de los terremotos de Valparaíso.

Primero-decía-fue la impresión del mar que se tragaba la ciudad. Los habitantes, en los comienzos de las convulsiones, gritaron: ¡El mar nos traga! Luego, el incendio terrible, la villa ardía por todas partes en una gigantesca llamarada. Las tuberías del gas, al romperse, dejaron escapar llamas enormes que lo envolvieron todo. ¡Y lo más trágico! El cementerio que está en la parte alta de la ciudad, vomitó las momias y los esqueletos sobre los supervivientes...

La visión espantosa de la catástrofe surgió ante nosotros, al influjo de la palabra mágica de Valle-Inclán. Darío y yo guardamos silencio. Valle-Inclán no quiso angustiarnos más.

El mago de la prosa, el autor de las "Sonatas" y de "Romance de lobos", ama América, y nos hizo confidentes de sus deseos por volver.

En los momentos en que escribo estas líneas, ensayan una obra suya los grandes actores españoles Fernando Mendoza y María Guerrero: "Voces de Gesta", algunas de cuyas escenas han saboreado ya los lectores de *Mundial*»⁵.

Os amigos e admiradores do diplomático nicaraguano estaban organizando unha homenaxe no Ateneu de Madrid co concurso da Sección de Literatura na que estaba prevista a participación da actriz Josefina Blanco e o seu home, mais por circunstancias que descoñecemos non puideron contar coa súa presenza; tan só sabemos, grazas ao artigo de Javier Bueno, que o día 13 «el ilustre Valle-Inclán, que debió contribuir con una disertación - seguramente admirable como suya- al esplendor del homenaje, no pudo hacerlo, porque asuntos particulares le obligaron a emprender ayer mismo un viaje»⁶.

de todas las mitologías y religiones». Un autógrafo de Valle está nun álbum de Tórtola que se conserva no Institut del Teatre de Barcelona: https://dspace.usc.es/bitstream/10347/5703/1/pg_069-078_moenia12.pdf

5 Bueno, Javier: El viaje de "Mundial" EN: *Mundial Magazine*, París, núm. 15, xullo de 1912.

6 Noticias da chegada a Madrid de Rubén e Bueno, así como dos preparativos da homenaxe e do acto mesmo, en *El Imparcial*, *La Época*, *El Liberal* e *El Globo* dos días 9, 11, 12, 13, 14 e 15 de maio de 1912.

A finais do mes de maio, o 29, o escritor arousano permanecía en Madrid, xa que nesa data asina un recibo do libreiro Fernando Fe por un monto total de 172'75 pesetas en troques de 38 exemplares de «Voces de Gesta», previo desconto do 35%.

En xullo, Josefina Blanco e Valle rompen coa compañía Guerrero-Díaz de Mendoza, o que debeu significar un mazo para a economía familiar. A orixe do desencontro fica na negativa por parte da empresa de estrear «Voces de Gesta» en Pamplona coa disculpa de que non dispuñan dos decorados. Valle montou en cólera e incluso chegou a realizar unha lectura pública da obra nun teatro da capital navarra. A relación entre o autor teatral e a parella de actores non acadou o grado de excelente e sufriu diferentes avatares, non exentos de desplantes e declaracións públicas, que aboiaban un grande distanciamento entre diferentes concepcións do teatro. A este respecto, as lembranzas do anovador da escena española, Cipriano de Rivas Cherif, son alumeadoras. No seu libro «Cómo hacer teatro», describe un encontrón entre María Guerrero e Valle por mor do decorado que se ía utilizar na estrea madrileña da «La marquesa Rosalinda» en marzo de 1912. Unha entrevista con María Guerrero, publicada o 29 de decembro de 1927 no xornal madrileño *ABC*, aclara até que ponto estaban enfrontados. Ao fío do xuízo celebrado tralo incidente que provocou Valle no teatro Fontalba de Madrid, durante a representación da obra de Joaquín Montaner «El hijo del diablo», o xornalista pregunta á actriz o seu parecer, e María Guerrero:

«Sonrie.

Sin saber lo que en verdad pueda pensar Valle-Inclán – responde-, yo, por sistema opino siempre lo contrario que él. Desde luego, creo que toda demostración hostil y ruidosa, en el momento de la representación, según su forma, puede significar una descortesía hacia el artista, y máxime hallándose una mujer en escena. De todas maneras, yo, personalmente, lo único que puedo decirle es que opino lo contrario de Valle-Inclán. Siento, sin querer, simpatía hacía todo lo que D. Ramón rechaza y

critica. Y, cuando me dicen que él verdaderamente no habla mal de mi, no puedo menos que pensar: “¡Dios mío, que cosas tan malas haré yo, para que Valle Inclán las encuentre bien!”⁷.

Que razón impulsou a Josefina e Ramón para se instalar na Galiza? Talvez problemas económicos, fartura da vida madrileña? Juan Antonio Hormigón apunta unha emulación de Guerra Junqueiro... Algúns estudiosos opinan que puideron existir outras razóns de tipo sentimental ou nostálgico, ou a necesidade de atopar un lugar tranquilo onde Valle poidera escribir. Este «retiro» na Galiza significaba poñer un punto case final na carreira artística de Josefina Blanco, actriz reputada pola crítica española e americana, para introducir na vida do seu home «serenidad» e un «nuevo sistema de trabajo, más funcional y efectivo desde el punto de vista de la producción literaria, además de colaborar en la corrección de erratas o en la gestión editorial de algunos de sus manuscritos».

Cal era ese lugar? Polas noticias publicadas na prensa, podemos tirar a conclusión de que tiñan en mente fixar a súa residencia, temporal ou definitiva, na Póboa do Caramiñal. Na carta que Valle asina en Cambados o 8 de decembro de 1912, dirixida ao seu amigo e paisano Victoriano García Martí podemos ler o que de seguido transcrebemos:

«Mucho he agradecido su carta y ella avivó mi sentimiento de no verme en la Puebla como era mi deseo y esperanza al dejar Madrid. Creo que hubiera sido el lugar de la tierra donde hubiera vivido más a gusto...»⁸.

O ensaista poboense lembrará, mais unha vez, este episodio no seu libro «La vida de un español del siglo XIX al XX»:

7 Cómo hacer teatro. Apuntes de orientación profesional en las artes y oficios del teatro español. Valencia : Pre-Textos, 1991, pp. 268-9. María Guerrero tiña por costume cualificar a Valle co apelativo de «fiera». Martí, Antonio: Hablando con Doña María Guerrero EN: *ABC*, Madrid, de 29 de decembro de 1927. En xaneiro do ano seguinte lembrará noutra entrevista un artigo do escritor no que ridiculizaba a voz do seu marido, Fernando Díaz de Mendoza.

8 Valle-Inclán y La Puebla del Caramiñal EN: *La Voz de Galicia*, A Coruña, de 26 de setembro de 1928.

«Hacia el año 1912 recibí en París una carta de Valle-Inclán en que me manifestaba sus deseos de vivir en Galicia y, concretamente, en la Puebla del Caramiñal, donde los dos hemos nacido, en la ría de Arosa, y donde pretendía reconquistar unas piedras viejas, restos de una torre que él pretendía perteneciera a sus mayores. Fue, en efecto, a Galicia, y aunque de momento, por circunstancias accidentales, no pudo residir en la Puebla, se instaló en Cambados, dentro de la ría; pero manteniendo siempre su preferencia decidida por la banda opuesta. Cuando los habitantes de los diferentes pueblos de la ría discutieron sobre el lugar exacto de su nacimiento, procurando cada cual apropiarse la gloria de ser su cuna, él decidió graciosamente la contienda declarando que había nacido en medio de la ría, cuando su madre la surcaba trasladándose de un puerto a otro».

O 5 de agosto, podemos ler no xornal *El Diario de Pontevedra* un pequeno solto que informa dunha carta que Ramón escribiu ao seu irmán Francisco para que fixera as xestións necesarias para alugar «una finca en la Puebla del Caramiñal para pasar un mes»; o anónimo redactor daba por seguro que «del 16 al 20 del corriente venga con su señora a Pontevedra el distinguido literato»⁹. A familia pontevedresa estaba formada por Francisco, que tiña botica aberta na cidade do Lérez, e a súa dona, Ofelia Rodríguez Cela, coa que casara en febreiro de 1912 na igrexa de San Bartolomé. Catro anos antes, segundo *El Progreso*, de Pontevedra, o goberno portugués concedera a Francisco a insignia de Cabaleiro da Orde do Cristo de Portugal. Tamén ficaban lá a súa media irmá, Ramona del Valle-Inclán Montenegro, e María, a súa outra irmá.

O 7 de agosto, *Gaceta de Galicia* indicaba que na Póboa esperaban a chegada de Josefina Blanco e Ramón del Valle, e, seguindo a Víctor Viana, ese mesmo día o xornal de Vilagarcía de Arousa *Galicia Nueva* anunciaba que o escritor ía botar a tempada de verán na Póboa do Caramiñal¹⁰.

9 Apuntes noticiosos EN: *El Diario de Pontevedra*, Pontevedra, de 5 de agosto de 1912. Tamén en *El Eco de Santiago* do día 6.

10 Ayer y hoy EN: *Gaceta de Galicia*, Santiago de Compostela, de 7 de agosto de 1912. Viana, Víctor: Valle-Inclán en Cambados EN: *Cuadrante*, Vilanova de Arousa, núm. 2, xaneiro de 2001, pp. 35-58.

A noticia da presenza en Pontevedra do matrimonio Blanco-Valle, que apareceu o 26 de agosto no xornal *El Noticiero de Vigo*, sitúanos nos días da súa chegada. Desde Pontevedra tiñan previsto continuar viaxe até a estación dos camiños de ferro de Carril para achegarse finalmente a Vilanova de Arousa, onde xa ficaban o 28¹¹. Talvez pasaron o mes de setembro hospedados na casa dalgún parente vilanovés, dalgún Peña. Na vila vivían a súa curmá, Dolores Peña, e os fillos de Peregrina González Briones e José Peña Montenegro, Francisco e Pedro. Cónstanos a existencia dunha fotografía no patio da casa do seu tío, Francisco Peña, datada en setembro de 1912.

Mais resulta que abandonaron Vilanova e pasaron vivir a Vilaxoán de Arousa. Non coñecemos a razón que provocou a mudanza. Algún estudoso sospeita que na primeira vila «sucedíu algo desagradable», recollendo o ruxe-ruxe que circula en distinguidos círculos valleinclanistas do lugar sobre enfrontamentos ancorados en tempos remotos entre as familias Peña e Valle que tiveron nalgunha ocasión como protagonistas, no cenario do Pazo do Cuadrante, ao avó materno de don Ramón, Francisco Peña Cardecid, e ao seu pai, Ramón del Valle-Inclán Bermúdez. Irrelevante ou non a lenda, os testemuños documentais que temos á nosa disposición permítennos afirmar que a relación de Ramón del Valle-Inclán cos Peña foi correcta, familiar e continuada no tempo.

Tras asistiren aos actos de homenaxe que se celebraron en Mondoñedo na honra do falecido Pascual Veiga, o xornalista galego Alfredo Vicenti e o escritor e diplomático guatemalteco Enrique Gómez Carrillo parten cara a Compostela e chegan a Vilagarcía de Arousa o día 22. O primeiro, director do xornal madrileño *El Liberal*, esperaba tomar parte o 29 nun mitin «redencionista» de «Acción Gallega» xunto a Basilio Álvarez e Eugenio López Aydillo. A crónica que apareceu publicada en *El Liberal* o 2 de outubro da conta da celebración dun banquete a Vicenti e Carrillo no Hotel Argentina no que intervi-

11 Crónica de Pontevedra. De viaje EN: *El Noticiero de Vigo*, Vigo, de 26 de agosto de 1912. Crónica regional. Pontevedra EN: *El Correo de Galicia*, Santiago de Compostela, de 28 de agosto de 1912. O 1 de setembro, *La Correspondencia Gallega* informaba que o matrimonio Blanco-Valle estivo en Pontevedra.

ron Ramón Fernández Mato, Gerardo Doval, Alfonso Rodríguez Castelao, que realizou unha caricatura, e Gándara, o director do xornal vilagarcían *Galicia Nueva*, sen que apareza citado Valle-Inclán, como tampouco no solto que apareceu en *Gaceta de Galicia*, tirado do devandito xornal, sobre unha excursión en «canoa automóvil» que, desde Vilagarcía, fixeron Vicenti, Doval, Gómez Carrillo, Delfín M. Estévez, Villar, Ricardo Urioste e Ramón Fernández Mato, á casa que este último posuía na outra banda da ría, en Cespón¹².

Pensamos que o artigo que publicou Fernández Mato o 15 de xaneiro de 1913 en *El Diario de Pontevedra*, e outravolta o 29 de marzo na revista bonaerense *Suevia*, alude a un encontro que tivo lugar a finais do verán do ano anterior entre Valle, Carrillo e Vicenti:

«Era en el huerto florido de una vieja mansión señorial. Un mastín colérico y encadenado, quizá en nombre del pazo decrepito y agosto, nos saludó con rencorosa furia al trasponer el ancho portalón; ya en el jardín, unas palomas, unos niños y unas vendimiadoras de traza pagana repararon la ultrajante altanería del mastín con el hechizo de su inocencia o de su gracia. En un banco de maderos, D. Ramón María del Valle-Inclán y D. Alfredo Vicenti platicaban. Don Ramón destrenzaba la extraña teoría de la dinámica como naturaleza del pecado. E ínterin el manco genial explicaba los círculos concéntricos y rápidos del mal, D. Alfredo rechazaba blandamente hacia atrás un rosal que, como una mujer zalamera y fragante, rozaba al suave empujón de las brisas, ya su cara altiva y noble, ya las barbas ascéticas del prócer escultor de “Flor de santidad”. Frutas ricas, doradas por el sol y sazonadas por el otoño, nos eran servidas. Y unos gratos amigos en derredor. Gómez Carrillo, casi hundido en un camarín de yedras, parecióme feliz, y entonces sentí ondular y crecer en mi espíritu la soberbia, ya que había nacido en una tierra y cabo un mar que placían y encantaban a un andariego explorador de la Belleza y del Arte»¹³.

12 Una excursión EN: *Gaceta de Galicia*, de 29 de setembro de 1912.

13 Fernández Mato, Ramón: Crónica. Adopción sentimental EN: *El Diario de Pontevedra*, Pontevedra, de 15 de xaneiro de 1913.

A algunha daquelas conversas refírese o artigo do diplomático guatemalteco que apareceu en *ABC* bastantes anos depois:

«...recordé lo que muy a menudo decíame Valle Inclán durante nuestras sabrosas charlas de Villagarcía. En la época en que el autor de las “Sonatas” predicaba el evangelio de Jamblico, en efecto, las largas y rítmicas aspiraciones de aire tenían para él una importancia ritual, que entraba dentro de los misterios de la ogdoada y de la eneada, de que se servía el pitagórico alejandrino para explicar las conjunciones de las emanaciones de la esencia. “Ante todo –murmuraba– hay que aprender a respirar”»¹⁴.

Non descartamos que a reunión tivera lugar na finca «O Piñeirño», propiedade do avogado Xoán Ouviaña, á que asistiu Xaquín Núñez de Couto levando da man ao seu sobriño, Xosé Núñez Búa¹⁵.

José Caamaño Bournacell di que o 28 de outubro de 1912 Josefina Blanco e Ramón del Valle acudiron desde Vilaxoán, onde xa estaban residindo, á romaría de San Simón, en Baión, segundo lle confesa Josefina ao autor do artigo nunha carta:

«un ciego prosero, con su clásico cartelón, hacía relato de algo que fue sugerencia para “El Embrujado”, en tal forma que de regreso a casa, mi marido, sin tomar descanso de la larga caminata, ni del bullicio romero, escribió las primeras cuartillas de la obra citada. Más tarde, en Cambados, las dio forma y fin... ».

Valle logrou o ponto de inspiración que lle permitiu rematar «El Embrujado», «Comedia bárbara» en *El Mundo*, «Tragedia de Tierras de Salnés», cando tirou o libro¹⁶. Segundo Justino Rodríguez, un dos actuais propietarios do Pazo de Pardiñas, a familia Blanco-Valle viveu no primeiro piso da casa onde actual-

14 Gómez Carrillo, E.: Cantemos el relicario EN: *ABC*, Madrid, de 22 de marzo de 1922.

15 A crónica en *El Liberal* titúlase «Vicenti y Gómez Carrillo en Vilagarcía» e a lembranza de Xosé Núñez Búa está recolleita no seu libro «Revoeira», editado en Vigo por Ir Indo no ano 2000, pp. 167-8.

16 Caamaño Bournacell, José: Estampas valleinclanescas. Génesis de “El Embrujado” EN: *ABC*, Madrid, de 5 de novembro de 1965.

mente fica unha das farmacias de Vilaxoán, fronte ao Pazo de Sobrán, na actual rúa Benigno Santos, que era propiedade de Tiburcio Rodríguez, a quen Valle visitaba para ler na súa biblioteca libros de tema cinexético. Caamaño Bournacell dinos que a casa era «húmeda» e «no se veía el mar»¹⁷. Tamén contamos con dous testemuños máis que sitúan á familia Blanco-Valle en Vilaxoán: o primeiro, do escritor e xornalista Enrique Gómez Carrillo, que lembra «... Villajuan en donde siempre veré la sombra hirsuta y parlante de ese gran don Ramón del Valle Inclán... » nun artigo publicado en *Galicia Nueva* o 23 de marzo de 1913. O segundo procede dun familiar de don Ramón, Manuel Leonardo Peña, que moi mozo abrazou os hábitos da orde franciscana. O 21 de marzo de 1967, o xornal *La Voz de Albacete* publicou unha entrevista con este frade que cremos de certo interese:

« ¿De dónde era?

Ramón María del Valle-Inclán de la Peña nació en Villanueva de Arosa (Pontevedra).

¿Cómo es que se dice que había nacido en la Puebla del Caramiñal (La Coruña)?

Evidentemente una confusión. Sus padres vivían en La Puebla en el pazo de los Montenegros pero su madre María Dolores de la Peña casada con don Ramón del Valle-Inclán Bermúdez de Castro, ilustre periodista, al ver cercano el momento del parto, se embarcó en La Puebla, atravesó la hermosa ría de Arosa y vino a casa de sus padres, don Francisco de la Peña Cardecid y doña Josefa Montenegro Saco-Bolaño. Y allí, en aquel pazo que llaman del Cuadrante, dio a luz al eximio escritor. Yo mismo he tenido en mis manos la partida de bautismo; partida que hoy puede examinarse en el archivo parroquial de Villanueva de Arosa.

¿Le conoció personalmente?

Sí; algunas veces pasé días en su casa, mientras vivió en Villajuan (Pontevedra). Precisamente uno de los días en que le visité compuso la obra “El embrujado”, tan discutida en el Ateneo. Recuerdo otra anécdota: a sus 53 años costaba trabajo hacerle venir a la mesa para comer.

¿Cuándo fue la última vez que le visitó?

17 Caamaño Bournacell, José: Estampas valleinclanescas...

En aquella ocasión que fui a despedirme porque yo ingresaba en la Orden Franciscana.

¿No le volvió a ver más?

Cuando yo estudiaba mi segundo año de carrera, con mis quince años, vino a visitarme al famoso convento de Herbón (La Coruña), acompañado del recordado Pérez de Ayala y otros amigos. El saludo fue: “¡Hola, Manolo; tú la has acertado!”. Se quedó pensativo como mirando a todo el pasado y añadió: “Si yo tuviese tu edad, tal vez enfocaría mi vida de otra manera. Y vendría a vivir bajo el ideario de San Francisco de Asís. Porque, mira, después de Cristo, San Francisco”. Y aquel hombre, polifacético, comenzó a relatarme la historia de la influencia franciscana en el mundo; era un auténtico caudal de conocimientos sobre San Francisco.

¿No volvió a saber más de él?

No; solamente a través de la Prensa.

¿Qué opina usted sobre sus pensamientos?

En el fondo era profundamente religioso; puedo probarlo, no obstante haberse escrito tanto sobre su ideario.

¿Y qué concepto tiene sobre sus obras?

Valle-Inclán era realista y crudo, pero con una comprensión extraordinaria. Tiene descripciones admirables sobre Jesucristo y sobre San Francisco. Esto se puede comprobar en “La lámpara maravillosa”. El concepto que yo tengo sobre sus obras es realmente admirativo, y más cuando creo estar un poco dentro de su espiritualidad. ¡Lo que él gozaba asistiendo a misa en la capilla del pazo de la Merced!

¿Tiene algún recuerdo personal?

Conservo “La lámpara maravillosa” que me dedicó en 1925, con la siguiente frase: “A mi querido primo hermano con todo el cariño”¹⁸.

Mais esta estaba en Vilaxoán de Arousa non se demorou moito no tempo porque o 18 de novembro de 1912 publica «Credo» no xornal madrileño *El Liberal*, asinándoo o 13 do mesmo mes «Desde el destierro de Cambados», localidade desde onde enviará este ano outras escritas publicadas no mesmo xornal, *La Voz de Galicia*, *La Correspondencia Gallega* e *El*

18 Valle-Inclán, Javier del; Cardalda Fernández, Teodomiro: Entrevista co Padre Peña EN: *Diario de Arousa*, Vilagarcía de Arousa, de 25 de setembro de 2011.

*Imparcial*¹⁹. Os domicilios da familia Blanco-Valle foron, que saibamos, dous:

Na rúa Real, antes chamada rúa do Sol, na casa propiedade de Lucila Fernández Soler.

Na rúa Carreira que, segundo Víctor Viana foille «prestada por su amigo José González Fraga».

Porén diversos xornais galegos daban por segura a realización dunha homenaxe a Eduardo Pondal na Coruña, na sección «De cerca y de lejos» do xornal *Gaceta de Galicia* aparece o 15 de decembro o anuncio da suspensión do acto, que estaba previsto celebrar no teatro Rosalía de Castro coa presenza de Emilia Pardo Bazán, Sofía Casanova, Antonio Rey Soto, Juan Vázquez de Mella, Enrique Labarta, Ramón del Valle-Inclán e Alfredo Vicenti; agás este último, o resto declinou a invitación por diversos motivos, iso sí, expresados en agarimosas cartas. A de Valle, segundo *El Diario de Pontevedra*, foi enviada desde Padrón «donde se encuentra preparando una obra, dice que saldrá muy pronto para la Corte, donde piensa dar a la compañía Guerrero-Mendoza su última producción cómica, para ser representada en el teatro de la Princesa»²⁰.

Durante o ano 1912, aparecen escritas de Valle nas cabeceiras galegas *La Voz de la Verdad* (Lugo), *El Diario de Pontevedra* (Pontevedra), *Galicia Nueva* (Vilagarcía de Arousa), *El Noroeste* (A Coruña), *Gaceta de Galicia*, *El Correo de Galicia*, *Diario de Galicia* -imprentadas as tres en Santiago de Compostela-, *La Voz de Galicia* (A Coruña), *Suevia* (A Habana)²¹, e *La Correspondencia Gallega* (Pontevedra).

Antonio Espejo localizou no semanario ilustrado *El Gráfico*, de Bogotá, o texto «Comedia de ensueño», en *El Liberal*, de Murcia, o conto «¡Malpocado!», no diario *El Tiempo*, tamén de Murcia, o conto «Corazón de niña», «¡Credo!» en *Diario de*

19 O 17 de novembro podemos ler este solto en *Gaceta de Galicia*: «Hállase en la villa de Cambados acompañado de su familia el brillante escritor D. Ramón del Valle Inclán que se propone pasar allí una temporada».

20 Coruña. Mella a Galicia EN: *El Diario de Pontevedra*, Pontevedra, de 11 de decembro de 1912.

21 Mascato Rey, Rosario: Claves de la modernidad en la lírica de Ramón del Valle-Inclán: Tiempo, identidad y lenguaje. Tese do doutorado. Santiago de Compostela : Universidade, 2012, p. 441.

Alicante e «Lis de plata» en *Las Circunstancias*, voceiro do Partido Republicano Reformista tirado en Reus²².

Da imprensa madrileña hai que citar varios xornais e revistas como *ABC*, *El Mundo*, *El Liberal*, *Heraldo de Madrid*²³, *El Imparcial*, *Nuevo Mundo* e *Pharos*.

Tamén aparecen colaboracións en *El Correo Catalán*, de Barcelona, *La Voz de Castilla*, de Burgos²⁴, *El Castellano*, de Toledo²⁵ - no que aproveitan para criticar o poema que publican, «Mi perro» -, *Diario de Las Palmas*, de As Palmas de Gran Canaria²⁶, en *La Región*, de Santa Cruz de Tenerife, na revista *Diana*, de Cádiz e *Diario de Gerona*, no que aparece «Lis de plata» o 1 de decembro.

Este ano, S. Vol'skij traduce ao ruso a «Sonata de Primavera» cunha introducción de A. Derental, e publícase a de «Rosarito» en checo sob o título de «Don Juan Manuel»²⁷.

En «Los mejores cuentos de los mejores autores españoles contemporáneos», tirado en París, que é unha reimpresión da edición de 1902, aparece «Hierba santa», segundo Espejo.

O 27 de xaneiro de 1912, o xornal de Mahón, *El Bien Público*, alertou aos seus lectores sobre a saída do prelo dun novo rotativo madrileño, *La Tribuna*, que sob a batuta de Salvador Cánovas Cervantes, a quen os seus máis enconados inimigos chamaban «Ni-Ni» («Ni Cánovas, ni Cervantes»), contaría con Julio Camba e Valle-Inclán, entre outros literatos; no número 4 da revista mensual cordobesa *Nómada*, correspondente ao mes de maio, aparece o seu nome como futuro colaborador, e, segundo Antonio Espejo entre os meses de marzo e abril de 1912 publica «La marquesa Rosalinda. Fragmento del prólogo»²⁸.

22 Espejo, Antonio: El eco de la palabra. Claves literarias e intelectuales de Ramón del Valle-Inclán en algunas páginas olvidadas. Valencia : La Bella Araña, 2014, pp. 370-372.

23 Mascato Rey, 2012, p. 441.

24 Mascato Rey, 2012, p. 440.

25 Mascato Rey, 2012, p. 441.

26 Mascato Rey, 2012, p. 441.

27 Serrano Alonso, Javier: Valle-Inclán: Epistolario recuperado. Lugo : Axac, 2013, p. 23.

28 La prensa española. El nuevo periódico "La Tribuna" EN: *El Bien Público*, Mahón, de 27 de xaneiro de 1912.

Hai unha constante no proceder de Valle-Inclán: publicará textos de todo tipo (poesía, teatro, novela) na prensa antes de tirar unha versión en libro que, en numerosas ocasións, tampouco resultará a definitiva, para desesperación dos estudosos da súa obra.

Non podemos asegurar que o fragmento de «Voces de Gesta» que Valle-Inclán asinou no álbum de Luis Bouza Trillo fora escrito en 1912, mais tampouco é cousa de descartalo, como tampouco que ese mesmo ano adicara a Francisco Pinto un exemplar da obra²⁹.

²⁹ Agradecemos a Éliane Lavaud-Fage e Jean Marie Lavaud a xentileza de nos subministrar unha imaxe dixital do documento.